

Dossier de prensa

Sinatura do pacto Galego contra a Pobreza

Santiago de Compostela, 16 de outubro



Os tres grupos parlamentarios e as ONGD asinan o Pacto Galego contra a Pobreza

PPdeG, PSdeG-PSOE e BNG comprométense a adicar o 0,7 % do orzamento de Galicia a Axuda Oficial ao Desenvolvemento antes de 2017

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2010. Os tres partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia -PPdeG, PsdeG-PSOE e BNG- e a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (CGONGD) asinan hoxe o Pacto Galego contra a Pobreza. Coa sinatura do pacto, os tres grupos parlamentarios asumen compromisos políticos, firmes e duradeiros, na loita contra a pobreza e o cumprimento dos Obxectivos do Milenio máis aló dun período de goberno concreto. O texto, compromete tamén ás forzas parlamentarias a facer da política galega de cooperación internacional para o desenvolvemento un instrumento sostible e de calidade.

A iniciativa do pacto, liderada pola Coordinadora Galega de ONGD no marco da campaña Pobreza Cero, quere dar un impulso ás políticas galegas de cooperación ao desenvolvemento así coma ao orzamento destinada pola Xunta de Galicia á Axuda Oficial ao Desenvolvemento.

Entre outros moitos aspectos, o Pacto Galego contra a Pobreza compromete aos asinantes a:

- Manter un esforzo en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) que garanta que, antes do remate do 2017, alomenos o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia estará adicado a esta finalidade, tal e como obriga o artigo 29.1 da Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento de Galicia.
- Incluir obxectivos e medidas de redución até o 15% de emisións de gases de efecto invernadoiro nos planos estruturais de cada concello.
- Apoiar as Administracións Públicas (convenios de colaboración ou outros mecanismos) á consolidación de instrumentos financeiros alternativos ou de banca ética.
- Promover a sinatura de pactos locais contra a pobreza

O Pacto Galego contra a Pobreza está inspirado no Pacto de Estado contra a Pobreza, un documento que foi aprobado por unanimidade en 2007 no Congreso dos Deputados. Cinco comunidades autónomas asinaron dende entón pactos similares: Illes Balears, Navarra, La Rioja, Cantabria e País Valencià.

PROGRAMA DO ACTO DE SINATURA DO PACTO GALEGO CONTRA A POBREZA

11:00 h. Chegada das persoas que participan na última etapa do *Camiño Polo Pacto* (Monte do Gozo – Pazo de Fonseca)

11:30 h. Presentación do acto a cargo de María Paz Gutiérrez, vogal da Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD e participante no *Camiño polo Pacto Sarria-Compostela 11-16 outubro*

11:40 h. Quenda de palabra das autoridades invitadas:

- Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela

11:50 h. Quenda de palabra das persoas asinantes do pacto:

- Carlos Aymerich Cano, voceiro parlamentar BNG
- Xaquín Fernández Leiceaga, voceiro parlamentar PSdeG–PSOE
- Manuel Ruiz Rivas, voceiro parlamentar PPdG
- Xosé M^a Torres Bouza, presidente Coordinadora Galega ONGD

12:15 horas. Sinatura de cinco exemplares do *Pacto Galego contra a Pobreza* por parte dos representantes dos 3 partidos políticos e da Coordinadora Galega de ONGD (4 para as entidades asinantes + 1 para o Parlamento de Galicia)

12:30 h. Clausura

- Francisco Durán Villa, Vicerreitor de estudantes e formación da USC

O acto de sinatura estará acompañado polo grupo de música de cámara *Ars Anterga*.

Campaña «100 km x 1 pacto = Pobreza 0»

A Campaña Pobreza Cero, que dende 2005 impulsa a Coordinadora Galega de ONGD a nivel autonómico, céntrouse este ano na difusión dos compromisos que establece o Pacto Galego contra a Pobreza para acabar coas desigualdades e insusticias sociais.

Para sensibilizar a sociedade galega da necesidade de esixir a clase política un compromiso na loita contra a pobreza e as desigualdades sociais, ás organizacións da sociedade civil galega, en estreita colaboración coas súas organizacións socias en América Latina, África e Asia, percorreron 100 km do Camiño de Santiago a través de 6 etapas.

- Luns, 11 de outubro: Sarria - Portomarín.
- Martes, 12 de outubro: Portomarín - Palas de Rei
- Mércores, 13 de outubro: Palas de Rei – Arzúa
- Xoves, 14 de outubro: Arzúa - Pedrouzo (O Pino)
- Venres, 15 de outubro: Pedrouzo (O Pino) - Monte do Gozo.
- Sábado, 16 de outubro: Monte do Gozo – Pazo de Fonseca (Santiago de Compostela). A última e máis importante etapa prevista no Camiño, previa a sinatura do Pacto.

En cada unha das localidades o grupo do Camiño polo Pacto levou a cabo actividades de sensibilización sobre os Obxectivos do Milenio nas escolas e institutos, fixéronse actividades divulgativas nas prazas dos concellos e implicouse aos gobernos municipais a participar na iniciativa.

O traballo levado a cabo no marco do Camiño foi un éxito de participación, con máis de 400 alumnos/os e educadores/as implicados/as.

ANTECEDENTES DA CAMPAÑA POBREZA CERO

“Somos a primeira xeración capaz de erradicar a pobreza”. Esta frase, acuñada nas Nacións Unidas, converteuse no lema da maioría das ONGD españolas e galegas nos últimos anos.

No ano 2000 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración do Milenio, na que 189 Xefes de Estado e goberno se comprometeron a facer todo o posible para erradicar a pobreza, promover a dignidade humana, a igualdade, acadar a paz, a democracia e a sostibilidade ambiental. Para isto, e antes do 2015, deben acadarse os oito Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, que contén a devandita Declaración.

Trala Declaración do Milenio, a sociedade civil mundial organizouse para esixir aos seus gobernos que se responsabilizasen no cumprimento dos ODM, constituíndose así o “Chamamento Global de Acción contra a Pobreza” (GCAP, nas súas siglas en inglés)

No marco da GCAP, a Coordinadora Española de ONGD e todas as Coordinadoras autonómicas, entre elas a Coordinadora galega de ONGD, lanzaron no 2005 a Campaña Pobreza Cero (www.pobrezacero.org), que constitúe unha das maiores mobilizacións que cada ano, arredor do 17 de outubro, teñen lugar en España e en Galicia, e na que participan a case totalidade das ONGD españolas e galegas.

Dende Galicia, ao amparo do impulso da Coordinadora Galega de ONGD, constituíronse pequenas redes locais impulsoras da Campaña Pobreza Cero nas sete principais cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ferrol Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo). Nestas redes participan as 51 ONGD integradas na Coordinadora Galega.

A COORDINADORA GALEGA DE ONGD

A Coordinadora Galega de ONGD é unha federación de ONGD que agrupa a un total de 51 organizacións que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a axuda humanitaria e de emerxencia, a educación para o desenvolvemento e a presión política.

Naceu no 1991 e está integrada na Coordinadora de ONGD-España desde abril de 2002 como membro de pleno dereito.

A misión principal da Coordinadora Galega de ONGD, tal e como o recolle na súa recente Planificación Estratéxica é contribuír á erradicación da pobreza nun marco de desenvolvemento sostible e promoción dos Dereitos Humanos, que propugna a eliminación de calquera tipo de discriminación, ademais da promoción da igualdade entre mulleres e homes en todas as súas áreas de traballo.

Para dar cumprimento a esta misión, a Coordinadora traballa principalmente na construción dun modelo de cooperación ao desenvolvemento de calidade e transformadora para Galicia, mediante a potenciación dun espazo de intercambio e reflexión das ONGD integradas concretado no avance das Comisións de Traballo e na liña de incidencia política común.

Traballa sobre todo no fortalecemento do sector da cooperación galega, para convertelo nun sector forte e representativo

Para máis información

Helena Capera Cullell
Área de comunicación externa e sensibilización
981 585 189 – 618 626 627
sensibilizacion@galiciasolidaria.org